



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA
PARA A CELEBRACIÓN DO 150 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE VALLE INCLÁN.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Vilanova de Arousa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A celebración do 150 aniversario do nacemento de Ramón María del Valle-Inclán.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A celebración deste convenio ten como obxectivo proxectar a relevancia da traxectoria vital e artística de Ramón Valle-Inclán con ocasión da celebración do 150 aniversario do seu nacemento. A programación consta de numerosos eventos entre os que destacan Xornadas de homenaxe a Valle-Inclán, que ofrecen un completo programa de actividades de dinamización cultural, dirixidas a todos os grupos de idade e centradas na figura do ilustre dramaturgo, así como no ronsel de creacións literarias, plásticas, escénicas e





musicais inspiradas na súa obra literaria. Tamén se realizarán lecturas públicas, o *Cinefórum Valle-Inclán*, a ficción apaixonada a cargo de *Quico Cadaval*, *A maleta do mestre*, espectáculos valleinclanianos de *Títeres Cachirulo*, lecturas dramatizadas de *Bradomín Teatro*; todas estas actividades complementanse tamén con numerosas actuacións multiartísticas que poñen en relieve a figura deste gran autor.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades porque se trata dunha programación cunhas características especiais que as fai únicas en Galicia, motivo polo que a Consellería decide colaborar na súa celebración.

Por todo o anterior é o Concello Vilanova de Arousa (Casa Museo Valle-Inclán) o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo estas actividades, con estas especiais características, as únicas que se desenvolve na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de maio de 2016.

